

## DEPRESA

VICENTE ARAGUAS

En actos como o da outra noite, a Casa das Palmeiras de Neda unha nao abarrotada, unha nao que procurase a última Thule para abeirarse á calor da amizade, estamos os de sempre. Os de aquela, atraguidos desta volta pola proclama poética dun dos nosos, José Ignacio Cadenas, músico ventureiro, lanzal de presenza, nedense de vocación, rapazolo do Empedrón cando as praias da ribeira eran o noso areal definitivo.

E chegabamos ás Palmeiras cos anos e as enrugas camuflados nese sorriso expectante de quen agarda aínda da vidiña ese pan noso da sorpresa diaria. A que nos permite ir vivindo, co sentimento de atopar, nalgures, o centro da gravidade permanente, que pedía o mestre Battiato. E subiamos á nao da Casa das Palmeiras para que Nacho Cadenas, coa axudiña dos seus amigos, desenguedellase o seu discurso lírico, á penas tinguído de épica. E líricos son aínda os ollos claros de Carmiña Otero, e aquelas materias que recuperaba na Academia Labor cando os veráns sabían a bicos roubados e tiñan cheiriños a tabaco rubio comprado cigarro a cigarro. E voltabamos os de sempre á casa que fora de Dona Gloria Dapena, porche e maneiras coloniais, e todo canxaba como non lle poñer cancelas ao campo. Nun esforzo posible para reter desta beira todo canto foi marchando. Depresa, depresa. Tamén a Conchita Dapena, beleza antiga, nai de Nacho, tan presente nos seus poemas. Como parar o tempo e poñelo, desta volta, da nosa beira.